



Excursión a Madrid coas alumnas de 6º curso do Instituto Feminino de Santiago (1963)

María Xosé Enríquez Morales

Naceu en Santiago de Compostela un 25 de decembro da década dos 50 do pasado século e cursou os seus estudos de Bacharelato no, daquela, Instituto Feminino “Rosalía de Castro”. Licenciada, con grao, en Xeografía e Historia pola Universidade compostelán en 1973, a súa vocación pola ensinanza –á que non foi alleo

o exemplo de Don Antonio– lévaa a ingresar no antigo corpo de Profesores Agregados de Bacharelato por concurso–oposición libre en 1978 e, en 1996, accede ao de Catedráticos de Ensinanza Secundaria. Por concurso de traslados retorna (no curso 1980–1981) ao Instituto “Rosalía de Castro” e nel continúa a prestar os seu servizos na actualidade.

Xa que logo, primeiro como alumna (1961–1968) e despois como profesora, dous terzos da súa vida están ligados a un Centro en cuxos proxectos, sempre que lle foi posible, ten colaborado con entusiasmo*.

* Véxase: “Compostela e o Colexio se San Clemente de Pasantes” (Depósito Legal.: S. 868–2004) ou “O Instituto Rosalía de Castro e o Colexio de San Clemente” (Depósito Legal.: C 195–2012).

Entrañable lembranza do meu profesor

Don Antonio Fraguas

María Xosé Enríquez Morales

DON ANTONIO FRAGUAS: VOCACIÓN POLA DOCENCIA DENTRO DAS AULAS

No ano 2005 recibín a amable invitación do Museo do Pobo Galego de participar nun volume de carácter biográfico sobre a personalidade, a obra científica e o labor cultural de quen fora o seu primeiro director e despois presidente do seu Padroado, Don Antonio Fraguas Fraguas, co obxecto de celebrar o centenario do seu nacemento¹, acontecido en Loureiro de Cotobade o Día dos Inocentes de 1905.

Para min foi moi grato ocuparme, como agora, do seu quefacer como “Catedrático de Geografía e Historia de Institutos Nacionais de Enseñanza Media, con destino en el de Lugo (Masculino)”, corpo o que accedeu “en virtud de oposición, turno libre” en 1950², por canto eu tiven a sorte de ser unha das alumnas de “Preu” deste home, bo e xeneroso, que chegou ao Instituto Rosalía de Castro (Feminino) por concurso de traslado en 1959. Nel permaneceu ate a súa xubilación, o 28 de decembro de 1975, data do seu setenta aniversario.

O que aquí recollo xa está, en boa parte, referido en “Don Antonio Fraguas: unha vida dedicada á docen-

cia”³, mais sempre que se pescuda no seu arquivo, cousa que de novo fixen por mor deste pequeno artigo, neste caso para celebrar que o Día das Letras Galegas do 2019 estea dedicado a súa figura, felicítase de que, segundo el mesmo dicía, fora “un desordenado” e tivera o inveterado costume de amorear toda clase de papeis. Iso permite comprobar o moito que traballou, sempre ao abeiro da súa dona, Teresa Martínez Magariños, coa que casou en 1932 porque a viu un día no antigo café Español, na compostelá Rúa do Vilar, “y me gustó mucho (...) siempre estuvimos muy unidos (...) Ella lo es todo para mí. Es el amor de mi vida”, declaraba, tras 63 anos dun matrimonio que non tivo fillos –“sólo el uno al otro”–, ao xornal *El Correo Gallego* o 13 de febreiro de 1996.

Coido que don Antonio non se molestaría se digo que tivo outro amor: a docencia. Segundo propia confesión, o día que gañou a cátedra converteuse nun dos máis felices na vida de quen se definía como “un home modesto, un aldeán e nada máis”⁴. Levaba máis de vinte anos dedicado á ensinanza, xa fose na Facultade, no Instituto da Estrada ou, despois de ser represaliado como consecuencia do “horror da Guerra Civil e da longuísima posguerra que cambiou a miña vida por completo”, na Academia Menéndez Pelayo⁵. De

1. *Antonio Fraguas Fraguas. 1905–1999*. Museo do Pobo Galego. Depósito Legal.: C-3275/2006.

2. Museo do Pobo Galego, arquivo de Don Antonio Fraguas, carpeta 39 (Actividade docente).

3. Vid. op. cit.: *Antonio Fraguas Fraguas. 1905–1999*. Museo do Pobo Galego, pp. 152–179.

4. *El Correo Gallego*, 6 de novembro de 1999.

seguro que este “gallego desde las remotas raíces de los trasabuelos seculares”⁶, galeguista⁷, e “campesíño sempre”, deu grazas a “Santiago Apóstol, mi camarada”⁸, dado que nunca ocultou a súa condición de católico practicante.

Lonxe quedaba o empeño do seu pai, emigrante no Brasil, cando volve a Galicia coa intención de retornar alá co seu fillo para que “fuese maquinista de ferrocarril, pero gracias a que perdí el tren ingresé en la Real Academia”, comentaba Fraguas, coa súa coñecida sorna. Antes de emprender esa viaxe tivera a oportunidade de asistir durante dous meses á escola de Famelga, tempo suficiente para esquecer a infausta memoria que deixara nel a de Loureiro de Cotobade, na que permaneceu “dos 5 ós 13 anos e saín como entrei”⁹, pero agora o seu mestre merecía tal nome e, ademais, foi quen de convencer ao seu proxenitor para que non levase ao rapaz: “Déle usted una carrerita”¹⁰. Don Antonio ficou (seu pai tamén) e licenciouse na Facultade de Filosofía e Letras, sección de Historia, con Sobresaliente¹¹.

O camiño non foi doado. De neno “na súa casa non había máis que un libro: un vello devocionario que pertencera á súa avoa”¹², e sempre amosou o seu respecto e admiración “por la extraordinaria capacidad de la mujer gallega frente a todos los problemas que plantea el cotidiano vivir (...) defiende la economía en tal forma que conserva y aumenta el patrimonio de la casa, sin detrimento de la educación de los hijos, para quienes, sin regatear sacrificios, procura oficios, colocaciones y largas y costosas carreras”¹³. E o vivido na súa casa de seguro axudoulle a facer fronte con enteireza aos seus propios problemas, entre outros o de ter que admitir, cada vez que se presentaba ás oposicións nos anos cainitas da posguerra, que “El

tribunal le estima y le respeta, pero la política acabó con usted”¹⁴.

Mais acabar con Don Antonio non era doado porque sempre foi un traballador nato: “Rematei a carreira e púxenme a traballar. Gustábame traballar cos rapaces. Cando eu era neno rematei na primeira escola, na que pasara oito anos, crendo que a regra só servía para mallar, sen ter collido nunca unha tiza, sen ter feito nunca un dictado (...) Eu fun un mestre moi diferente. Faciamos cousas nas aulas”¹⁵. E, debo engadir, tamén fóra delas:

Eu, como xa dixeran, fun a súa alumna e de tal cousa poden dar fe, habida conta, ademais, que “as rapazas do Feminino queríanme moi ben”¹⁶. Como profesor, aplicando as teorías da Institución Libre de Enseñanza, houbo en Don Antonio unha arela principal: a de inculcar ao seu alumnado o amor pola terra.

Non cómpre facer aquí, dadas as características deste artigo, un pormenorizado percorrido do seu labor docente tanto como profesor universitario na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago, como de bacharelato. Don Antonio impartiu as súas primeiras clases no curso 1928-1929 e non parou ata a súa xubilación forzosa en decembro de 1975.

Cando en 1937, por mor da “incivil” guerra de 1936-1939, foi apartado da docencia e suspendido de emprego e soldo, Don Antonio necesita sobrevivir con decoro e, co tesón que o caracterizaba, vai facelo no seu, na ensinanza, e no ano 1938 xa está “poñendo escola” no que el denomina unha modesta pasantía¹⁷. Tratábase da Academia Menéndez Pelayo, orientada aos estudos de ensinanza media, con sede no segundo andar do número vinte e catro da rúa da Algalia

5. *La Voz de Galicia*, 3 de agosto de 1997. Entrevista realizada por Siro López a don Antonio: “Suspendido de empleo y sueldo (...) cabo dun ano puxen escola en Santiago, unha pasantía”.

6. *La Voz de Galicia*, 25 de agosto de 1991: “Aldeanus Igitur” (entrevista realizada por Carlos García Bayón).

7. “Eu fun galeguista (...) Por iso me preocupo por Galicia (...). Ser galeguista non é máis que ser amante da nosa terra”, recollida *El Correo Gallego* –do que foi colaborador habitual– o 6 de novembro de 1999.

8. *La Voz de Galicia*, 25 de agosto de 1991: “Aldeanus Igitur” (entrevista realizada por Carlos García Bayón).

9. *La Voz de Galicia*, 25 de agosto de 1991: “Aldeanus Igitur” (entrevista realizada por Carlos García Bayón).

10. González Reboredo, X.M. “Notas dunha conversa con Antonio Fraguas”, *Revista Galega do Ensino*, Nº 17, novembro de 1997, p.18.

11. O seu título de licenciado foi expedido o seis de marzo de 1929, segundo figura recollido nalgunha das súas tomas de posesión. MPG..., carpetas 37 e 39.

12. Clodio González Pérez, *La Voz de Galicia*, 6 de novembro de 1999.

13. Fraguas Fraguas, Antonio, *Geografía de Galicia*, Porto y Cía. Editores, Santiago, 1953.

14. *Xeada*, xornal do I.B Antonio Fraguas, Santiago, febreiro de 1997, p.7.

15. *Ibid.*; p.9.

16. *Ibid.*; p.8.

17. *Ibid.* nota 11.



de Abaixo, e da que acabaría sendo director. Pero, en canto pode, intenta volver ao ensino público.

No Museo do Pobo Galego, na carpeta 39, gárdanse uns pequenos cadernos que o profesor Fraguas debía levar no peto para realizar toda clase de anotacións. Nun deles, apunta:

“Cánovas. Estudios del reinado de Felipe IV: Las causas de nuestra decadencia están “en la enorme desproporción que hubo siempre entre nuestros recursos y las vastas y múltiples empresas en que nos fuimos empeñando”.

“Willy Hellpach= Geofsique. El alma humana bajo el influjo de tiempo y clima, suelo y paisaje. Madrid 1940”.

“Crisanto de Lasterra.- El sentido clásico en el Greco. Madrid. 1942 (10 pts)”.


Rodolfo Gil Benumega. Marruecos andaluz. Madrid 1942 (5 pts)”.

Noutro, que deberon regalarlle porque é un “DIETARIO DE VISITA MÉDICA. Enero y Febrero 1944” (non estaban os tempos para desaproveitar nada), podemos ler:

“La autopsia del Rey (...) demostraba cosas extrañas: tenía el corazón tan pequeño como un huevo de paloma y blando como una mala tiza; el hígado estaba completamete encogido, con una piedra de color cafe del tamaño de una judía (...)”-

“La muerte del Rey en la obra Mariana de Neoburgo reina de España por el príncipe Adalberto de Baviera. Madrid Espasa Calpe. 1938 pag. 306”.

Máis adiante atopamos listas e anotacións referidas ao seu alumnado e, chegando ás últimas follas, Don Antonio apunta: “El libro 82 es 1759-1769. El 83 es 1787-1799. El libro 84 es de 1806-1809. Faltan los claustros de 1769 a 1787. Faltan de 1799 a 1806. En



Tese doutoral de Antonio Fraguas Fraguas

la Biblioteca. P. Sarmiento. Cedula Reales. F. 119-24 / 0”. De seguro que xa andaba a facer as súas pescudas para a tese de doutoramento que versaría sobre o Colexio de Santiago Alfeo, máis coñecido como Colexio Fonseca, e defendería en Madrid en 1950.

Basta facer referencia a estes dous cadernos para decatarse do interese do profesor Fraguas por estar o día do que se publicaba e estaba interesado en ler ou adquirir, ao tempo que realizaba os seus traballos de investigación e, por suposto, se ocupaba do seu alumnado.

De meniño, na súa casa do lugar de Insuela, parroquia de Loureiro, no concello pontevedrés de Cerdedo-Cotobade, só había o devocionario da súa avoa. Cando falece dona ao Museo do Pobo Galego unha

18. “Rematei 1º e 2º por libre e o terceiro ano ingresei no Instituto de Pontevedra”, Xeada, xornal do I.B Antonio Fraguas, Santiago, febreiro de 1997, p.8.

19. “O catro de xuño de 1976 (...) a Dirección General de Personal del Ministerio de Educación y Ciencia recoñece a don Antonio ter prestados un total de 42 anos, 1 mes e 2 días de servizos computados ata o 28 de decembro de 1975, data da súa xubilación forzosa”. IES Rosalía de Castro, expediente 140 (Don Antonio Fraguas).



Placa no parque compostelán de San Domingos de Bonaval dando fe de que a radio en Galicia “naceu aquí”



Don Antonio Fraguas, á esquerda, no primeiro locutorio de Radio Galicia, o 18 de xuño de 1933, día da homenaxe popular ao Vello dos contos (Xosé Mosquera)
[MPG: Fondo A. Fraguas]

biblioteca que supera os 20.000 volumes. Ninguén é perfecto: aos catorce anos chega a Pontevedra para cursar 3º de bacharelato¹⁸ e merca o seu primeiro libro. Caído nese “vicio” non foi capaz de abandonalo.

En todo caso, se temos en conta os servizos, oficial e finalmente recoñecidos pola Administración¹⁹, “San Antonio” –alcume que lle foi posto polas súas alumnas do Rosalía de Castro– dedicou á docencia máis de 42 anos, ou non menos de 47, se consideramos os seus primeiros pasos como profesor na Facultade de Filosofía e Letras. Sen dúbida o profesor Fraguas non descoñecía a máxima na que Confucio recomendaba aos seus discípulos: “elixe un traballo que che guste e non terás que traballar nin un día da túa vida”, o que me dá pé para facer unha referencia á:

VOCACIÓN DE DON ANTONIO POLA “DOCENCIA” FÓRA DAS AULAS

Home do seu tempo, proclamada a II República, non dubidou en explicar, coa mesma claridade utilizada nas súas clases, as razóns da súa militancia galeguista e a necesidade de traballar a prol do Estatuto de Autonomía. Fíxoo botando man da radio, que chega a Compostela en xaneiro de 1933.

En San Domingos de Bonaval estivo o locutorio provisional de EAJ4 de Unión Radio Galicia en Santiago de Compostela (unhas semanas máis tarde os estudos trasládanse ao primeiro piso do número 5 da praza da Universidade, e alí estiveron ata principios dos anos 70). “Acaban vostedes de oír as tres no reloxo da Catedral, tolón, tolón, tolón”, lembraba don Antonio, improvisado “locutor” e primeiro en probar un invento tan espectacular²⁰. Como ben dicía Don Antonio, “Radio Galicia foi a nao senlleira das ondas galegas”, por ter sido a pioneira, mais tamén pola importancia que tivo como promotora da radiodifusión, da cultura galega e do autonomismo, un feito que recolle o propio Castelao na súa obra *Sempre en Galiza*. “Cando se instalou a emisora, os enxeñeiros estaban tentando poñela a funcionar pero aquilo non se oía. Por fin, despois de moitos intentos, fixéronme un sinal para que falara. Escollín un poema de Bouza Brey”.

20. No ano 2013 aparece *Historias de Radio Galicia*, un libro de Aser Álvarez que resultoume moi útil para abordar este aspecto do polifacético labor de don Antonio.



Cos alumnos do Instituto da Estrada catalogou os xacementos arqueolóxicos da comarca, entre 1933 e 1936.
[MPG: Fondo A. Fraguas]



“Eu tentaba contar as cousas propias da cultura, falaba dos castros, das lendas e das mámoas, de onde estaban e que significaban. Tamén faciamos algo de teatro, cun grupiño de persoas que recitabamos e interpretabamos algúns textos. Lía poemas en galego, de Rosalía e doutros e puñamos pezas de música da banda municipal de Santiago e discos. Comigo comezou a vir tamén á emisora Xosé Mosquera Pérez, que logo chegaría a ser moi popular co alcume do *Vello dos Contos*. Era moi retranqueiro e tiña moita chispa, tanta que unha vez houbo quen lle chamou a atención por relacionar as Cortes Xerais coas cortes do estercero”.

En novembro dese ano Don Antonio, que superara as probas de Profesor Cursillista, marcha para o Instituto da Estrada onde imparte Xeografía e Historia e desempaña o cargo de secretario. Traballa con afán para facer fronte aos problemas que presenta todo centro de nova creación e desexa convertelo, ademais, en núcleo dinamizador da inexistente vida cultural estradense. Acompañado da súa dona, coa que casara o ano anterior, séntese cheo de forza e proxectos e tamén será o secretario do Partido Galeguista na vila, impulsando a campaña a favor do Estatuto, pero “Ó se producir o alzamento viñeron uns falanxistas de

fóra e (...) organizaron a represión”²¹. Comezaba a súa etapa de ostracismo. Regresa a Compostela.

DO OSTRACISMO AO RECOÑECIMENTO DO SEU LABOR

Don Antonio, que fora admitido como membro do Seminario de Estudos Galegos en 1928, agora desaparecido, retoma as investigacións sobre Galicia, que desenvolvera nas seccións de Xeografía e Etnografía, e nas que Vicente Risco e Otero Pedrayo foran os seus admirados mestres.

Dentro das dificultades da época, ao mesmo tempo que gaña a vida coas súas clases na Academia Menéndez Pelayo, participa naquelas institucións que recollen o facho da defensa do patrimonio cultural galego e, en 1944, incorpórase ao Instituto Padre Sarmiento. Quédalle tempo para asistir os faladoiros onde se abordan temas relacionados coa cultura galega, como os do café Derby.

En 1950, gañada a cátedra, marcha a Lugo, onde permanece nove anos. Como ocorrera no Instituto da Estrada non vai limitarse a dar as súas clases, senón que asume responsabilidades directivas, desenvol-

21. *La Voz de Galicia*, 25 de agosto de 1991: “Aldeanus Igitur” (entrevista realizada por Carlos García Bayón). Na entrevista citada na nota 6, á pregunta de: “Falando de libros e de guías, se vostede escribise outra Divina Comedia, ¿a quen escollería como guía?”, don Antonio resposta: “A Otero Pedrayo, sen dúbida. Unha das cousas que máis sentín foi non poder asistir a súa cátedra, polo que tiña de sabio e de boísima persoa”. Seguro que don Antonio non esquecera o apoio que, sendo deputado a Cortes por Ourense, lle prestara don Ramón para que saíra seleccionado como Profesor Cursillista en 1933, como consta nunha carta achada no Museo do Pobo Galego (Carpeta 38. Actividade docente).



No patio do Instituto "Rosalia de Castro", rodeado de profesores e alumnos, nunha das súas últimas visitas

vendo os cargos de vicesecretario, secretario e xefe de estudos. Asemade, participa de xeito activo na vida cultural lucense.

En 1951 foi nomeado membro numerario da Real Academia Galega, e non sobra aludir de novo á entrevista realizada a Fraguas, case ao final da súa vida²² onde manifesta que se tivera que escoller a alguén como guía sería a don Ramón Otero Pedrayo "polo que tiña de sabio e de boísima persoa"²³. Presentado por Luís Iglesias Iglesias, Salustiano Portela Pazos e o propio don Ramón, foi este último quen contestou ao discurso "Roseiras e paxariños nas cantigas dun serán" co que ingresou don Antonio na Academia, proba de que o afecto e o respecto polo seu labor era xa mutuo e manteríase moitos anos (ambos gozaron

dunha longa e frutífera existencia) ata o falecemento de don Ramón.

Ademais, non podemos esquecer que, en 1985, a Fundación Otero Pedrayo, creada en 1983, outorgoulle a don Antonio o Premio Trasalba, na Casa Grande de Cimadevila, residencia habitual de Otero Pedrayo e na que falecería en 1976.

En todo caso, e para retomar o fío, o profesor Fraguas está ben na cidade das murallas, pero ten morriña de Compostela. Participa no concurso de traslados para retornar a ela, cousa que acontece en 1959. E nela ficará ata o seu pasamento, acontecido o 5 de novembro de 1999.

22. *La Voz de Galicia*, 3 de agosto de 1997. Entrevista realizada por Siro López a don Antonio: "Suspendido de empleo y sueldo (...) cabo dun ano puxen escola en Santiago, unha pasantía".

23. Na entrevista citada na nota 6, á pregunta de: "Falando de libros e de guías, se vostede escribise outra Divina Comedia, ¿a quen escollería como guía?", don Antonio resposta: "A Otero Pedrayo, sen dúbida. Unha das cousas que máis sentín foi non poder asistir a súa cátedra, polo que tiña de sabio e de boísima persoa". Seguro que don Antonio non esquecera o apoio que, sendo deputado a Cortes por Ourense, lle prestara don Ramón para que saíra seleccionado como Profesor Cursillista en 1933, como consta nunha carta achada no Museo do Pobo Galego (Carpeta 38. Actividade docente).




Don Antonio nunca ocultou o afecto que tiña pola súa cidade de adopción, que soubo corresponderlle como merecía, o mesmo co Instituto Rosalía de Castro ao que permaneceu unido e acudía con frecuencia, xa xubilado, para pronunciar a lección inaugural do curso (a piques de cumprir noventa anos), falar con algúns dos membros do claustro ou participar, ata poucos meses antes do seu pasamento, nas actividades máis diversas.

O Instituto, a través da súa asociación cultural, vai propoñelo en 1995 como candidato ao Premio das Letras e das Artes de Galicia, e tamén creou o certame literario que leva o seu nome en 1996. O Concello nomeouno Fillo Adoptivo en 1984 e concedeu-lle a Medalla de Ouro ao mérito cidadán e cultural en 1988. A Universidade outorgoulle a Insignia de Ouro en 1995 e, nese mesmo ano, tamén obtivo a Medalla de Ouro da Asociación do Traxe Galego de Santiago. En 1998, os xornais da capital de Galicia, *El Correo Gallego* e *O Correo Galego*, noméano Galego do Ano, e un longo etc., que pasa por dar o seu nome ao Instituto das Fontiñas (1994) ou a unha das rúas da cidade.

Como en don Antonio era habitual non só vai dedicarse ao seu labor docente no Instituto Rosalía de Castro -no que sería, ademais, xefe de estudos- senón que retorna á Facultade de Filosofía e Letras, compatibilizando a ensinanza superior e media. En decembro de 1975, chegada a súa xubilación forzosa, seguía a compatibilizar ambas porque gustaba das dúas. Prefería non ter dedicación exclusiva no Instituto para poder achegarse á Facultade á que, sempre que puido, permaneceu ligado.

Nunca mellor dito o de xubilación forzosa porque don Antonio, lonxe de retirarse aos seus cuarteis de inverno, desenvolveu desde esa data unha actividade tanto ou máis fecunda que cando estaba en activo. Como exemplo é suficiente citar a posta en pé do Museo do Pobo Galego, do que foi membro fundador. Dirixiu esta institución desde a súa creación en 1977 e, en 1989, falecido Xaquín Lorenzo Fernández, sucederíao na presidencia do seu Padroado.



Busto de Don Antonio Fraguas na avenida que leva o seu nome en Santiago de Compostela. (Escultura de Camilo Seira)

Vou tomarme a licenza de acabar esta moi pequena homenaxe ao meu profesor don Antonio Fraguas sinalando que, sen dúbida, Otero Pedrayo, no alén, recibiría con satisfacción a nova de que o Premio que leva o seu nome, creado en 1977 polas catro deputacións provinciais e mais o goberno galego para recoñecer a traxectoria daquelas persoas que contribúen a promover e fomentar a cultura e os valores propios de Galicia, foille concedido a don Antonio en 1992.

Felicítamos á Real Academia Galega pola súa decisión de dedicar o Día das Letras Galegas 2019 a don Antonio Fraguas Fraguas.